

O sector gandeiro mobilízase na contra da baixada do prezo do leite



O prezo do leite subiu nos últimos seis meses arredor do 40 %, mais os custos de producción subiron arredor dun 50 %. Agora, a industria láctea está a xeralizar a baixada de prezos da que se viña falando nestes días.

Unhas más e outras menos, pero todas consolidaron esta ameaza para o pago do leite de febreiro. É por iso que, o pasado 6 de marzo, o sector lácteo demostrou que é capaz de dar resposta en moi curto prazo de tempo, e

unanimemente, cando se lle agrede de xeito tan cruel. Na concentración convocada diante da factoría de PULEVA en Nadela (Lugo), máis de tres milleiros de persoas demostraron que loitarán por acadar prezos dignos para o sector. Páx. 8

O SLG impulsa a Plataforma Galega Antitransxénicos

O SLG convocou unha asamblea aberta en Lalín o pasado vintenove de febreiro. Máis de vinte colectivos apostaron por unha Plataforma Galega Antitransxénicos. Páx. 14

Garántense as saídas das pistas de concentración de Santaballa

O conflicto, que se remonta a 2002, solucionouse finalmente garantido as esixencias da veciñanza de Santaballa. O SLG entrevistouse co delegado de Política Territorial. Páx. 7

A superficie para DPU poderase declarar de xeito independente

A Consellaría vén de admitir a demanda do Sindicato Labrego de que a superficie forraxeira se poida declarar independentemente da destinada a Dereitos de Pago Único. Páx. 9

O Goberno prohíbe os actos previstos para o Día da Muller

A Marcha Mundial das Mulleres, á que pertence o SLG, denuncia a falla de sensibilidade do Goberno ao provocar que a xornada de reflexión anule os actos do Día da Muller. Páx. 11

Edita:

Ediciones Fouce

Departamento de Publicaciones de Servicios Agrarios e Contables S.L. CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez

Colaboracións: Sandra Varela, Carme Freire, Eva Pereira, Isabel Vilalba, Xosé Pérez Rei e Charo Sánchez Parga.

Diseño e maquetación:

Xosé García e Vera Montoto

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

R/ Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D

Tlfno. 981 508 177

MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981

703169

SANTA COMBA - R/ Lugo, nº9, entr. esq.

Tlf/Fax. 981 880909

ORDES - R/ Xeneralísimo nº 38, 1º

Tlf. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,

1º. Tlf: 981 773377

SARRIA - Rúa Nova 60, entrechán. 939

274186

SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n

981 490430

AS PONTES - R/ Balsa nº 28

O BARCO - Casa sindical

Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

Tlf: 630 970 131

O CARBALLIÑO, Casa sindical

Tlf: 630 970 131

VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,

Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988

590439

RIBADAVIA - CIG Casa Sindical. Tlf.

988477230

Fax. 988477230

XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547

TRIVES - CIG Casa Sindical

Teléfono 699 924 634

LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tlf. 982 231154

MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tlf.

982 403005

CHANTADA - Praza do Concello, baixos

AISSTlf/Fax: 982 462103

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIABEDE - Av. de Galiza nº20, 3º. AIS

Tlf/Fax. 982 130615

LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf.

982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.

Tlf. 982 512431

A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º

Tlf/Fax 986 573232

MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño

Entrechán E. Tlf/Fax: 986792268.

LALÍN - Arenal nº1, 1º andar. Tlf. 986 792

268

SILLEDA - Av. do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 580526

TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º

esq / Tlfno. 981 789 781

PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros, portal

1ºA, 1ºC.

986 641508

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.

Rosal. Tlf. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tlf. 986 711825

VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.

Tlfno. 629 621 047

A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf.

982 350 080

2 / Adro

nº 261
Marzal de 2008



Ana Rodríguez, Secretaria de Desenvolvimento Rural do Sindicato Labrego

“Hai desinformación co CES”

O CES “configúrase como un instrumento que, desde unha perspectiva global da explotación, favoreza o desenvolvimento de sistemas de producción sustentábeis en termos económicos e ambientais, mellore a xestión do

territorio rural, potencie a producción de alimentos sans e de calidade e contribúa a fixar poboación no rural”. Nembergantes, ó analizalo polo miúdo, vemos que prácticamente son as mesmas axudas que había até 2006.

■ Que aspectos do Contrato de Explotación Sustentábel (CES) habería que revisar?

No Sindicato Labrego pensamos que non podemos permitir que se sigan privatizando os servizos de tramitacións, seguimento e asesoramento das axudas ás explotacións.

Estes servizos teñen que ser públicos e realizados dende a propia Administración (Oficinas Agrarias Comarcas, INGACAL...).

As explotacións de horta e de viño quedan fora do CES porque a realidade do país e que temos superficies moi pequenas e as pequenas explotacións están no mesmo caso.

A isto súmase que as obrigas e condicións a cumplir, unha vez aprobada a axuda (contabilidade, analíticas de residuos...) van supoñer unha considerábel carga burocrática e o diñeiro vaise destinar nunha boa parte ao pago destes servizos.

■ Que alternativas propón o SLG?

O CES debería ser un contrato territorial para conseguir o que se pode ler na exposición de motivos: un enfoque global da explotación que se acollerá ao Contrato Territorial, e que significara que neses cinco anos a explotación mellorará en termos económicos e ambientais cos recursos postos a súa disposición pola Administración, non unha subvención máis.

■ A Secretaría Xeral do SLG púxose en contacto co Conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, cales foron os resultados desta actuación?

Tra-las demandas do Sindicato Labrego Galego a Consellería do Medio Rural contratou persoal nas Oficinas Agrarias para que informen e tramiten o CES a todas as explotacións.

Ademais, vai ofertar o INGACAL como servizo de



Ana Rodríguez reuniese neste mes co Xefe de Gabinete de Medio Rural, Xosé Manuel Puga

aconsellamento ás explotacións que o requiran polo que dende o Sindicato Labrego estamos informando aos/as afiliados/as para que soliciten como entidade de aconsellamento o INGACAL.

Existe tamén o compromiso de que as persoas ou microempresas que non viñan da actividade agraria non comprometerán os fondos do CES.

Tamén que as obrigas derivadas do Contrato de Explotación Sustentábel non comprometerán economicamente a axuda a percibir, nin suporá un problema de burocracia para as explotacións.

■ Porén, en que momento nos atopamos con respecto ás negociacións do CES?

Nestes momentos temos reunións periódicas con Consellería do Medio Rural

para concretar todas estas cuestións pero avanzamos pouco.

■ Cal é a actitude que o SLG percibe por parte d@s propietari@s das explotacións?

As/os que eran beneficiarios das agroambientais están agardando que se clarifiquen cuestións que están pendentes para saber se lles interesa asumir neste ano o compromiso do CES por cinco anos.

As explotacións que non eran beneficiarias das agroambientais están no mesmo caso que as outras.

Pero o problema é que hai moita desinformación e informacions contradictorias nas cuestións concretas do seu desenvolvemento polo que as/os labregas/os están a esperar.

Na documentación que está enviando o FOGGA ven a solicitude do CES e entón van á entidade bancaria, van a oficina de extensión agraria, veñen ós locais do SLG buscando unha información que nestes momentos non lles podemos facilitar porque non a temos.

Esta publicación está cofinanciada pela



DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Sindicato Labrego Galego **INFORMA:**

**Se solicitas as axudas do contrato de explotación sustentábel,
FAI CONSTAR NA SOLICITUDE QUE QUERES
O ACONSELLAMENTO CO INGACAL.**

Se queremos que os servizos de atención e asesoramento ás explotacións sexan públicos e que se nos presten desde as oficinas agrárias comarcais, non podemos deixar pasar esta oportunidade.

**SOLICITAR O ACONSELLAMENTO CO INGACAL É A ÚNICA
GARANTÍA DE MANTER E RECUPERAR OS
SERVIZOS PÚBLICOS DE ATENCIÓN E ASESORAMENTO
PARA AS EXPLOTACIONES.**

Hai outras entidades, que tamén se van publicitar e facer campaña para que fagamos o aconsellamento con eles, pero ollo “**ninguén vende os pesos a catro pesetas**”

Calquera entidade privada que queira facer ben o aconsellamento, á larga vai acabar cobrando por facelo, pois as axudas que van dar, aínda que dean as cuantías máximas non chegan para pagar o que costa.

Para mais información ponte en contacto co local do Sindicato Labrego Galego e **ASEGÚRATE** ben que na solicitude che poñen **O ACONSELLAMENTO CO INGACAL.**

Editorial

Produtos caseiros, mercados locais: apostas de futuro

Que os produtos galegos gozan áínda dun prestixio de calidade, dentro e fóra da nosa nación, é unha afirmación que en xeral compartiríamos a maioría de persoas, produtoras ou consumidoras.

Que ese prestixio se basea no saber facer, no traballo, no emprego de técnicas e recursos de xeito sustentábel dos labregos e labregas galegas tampouco xera grandes discusións.

Os beneficios e o aproveitamento por parte da poboación galega, a que quere vivir da produción deses alimentos dignamente e a que quere comer a diario alimentos variados, sans e nosos, é o que está cada día máis en tela de xuízo, sendo xa case unha heroicidade mercar ou producir no/para o comercio local.

¿Por que?

Se nos damos conta do proceso, dende a entrada na Unión Europea, hai unha aposta dos poderes públicos e das grandes multinacionais por eliminar do mercado ás explotacións e aos produtos labregos, e non só dos mercados mundiais, tamén dos locais.

¿Como?

1. Desenvolvendo por unha banda, en aras da calidade curiosamente, normativas que impiden que poidamos producir e vender todo tipo de alimentos, deses que tanto prestixio seica nos dan, mesmo nos mercados galegos: aurgadente, viño, produtos derivados da matanza caseira, conservas, ovos, carnes....

2. Apoiendo, con políticas activas,

grandes superficies comerciais que introducen moitos produtos de fóra e arruinan o medio de vida dos nosos labregos e labregas, perdéndose os postos de traballo directos da actividade agraria e os indirectos que dependen desta: no comercio, servizos, subministracións, escolas....

3. Deixando esmorecer ou poñéndolle graves atrancos a todo o tecido comercial local: tendas, mercados, feiras, hostelería... simplemente aplicando o trazado nos dous puntos anteriores.

Diante de todo este panorama, podemos facer algo áínda como labregos e labregas, como cidadáns, como administracións?.

Desde o Sindicato Labrego Galego pensamos que áínda podemos facer e moito:

- Elaborando normativas propias, para o mercado interno, que permitan e impulsen a venda de produtos labregos/caseiros (frescos e transformados) identificados e con prezos xustos para produtores/as e consumidores/as.

- Promovendo a venda directa en mercados locais (creando prazas, feiras ou mercados ao aire libre), a venda no comercio local, na hostelería, nos colexios, hospitais

- Impulsando e elaborando, coa cidadanía, a definición dos parámetros de calidade dos produtos labregos/caseiros.

- Elaborando normas hixiénico-sanitarias propias para as explotacións e eximíndoas do cumprimento das actuais

nos mercados locais, feitas para as grandes empresas e para as cadeas de distribución multinacionais.

- Promovendo as relacóns entre a cidadanía, os contratos e os compromisos en canto a modos de producción e de consumo.

- Controlando e analizando, desde os servizos públicos sanitarios, os produtos nos puntos de venda.

- Promocionando a recuperación de técnicas, variedades, razas e produtos locais para a súa integración na cadea de valor.

Estas todas medidas, como apostas, supoñerían:

- Desenvolvemento económico centrado nas nosas producións agrarias.

- Fixación e asentamento da poboación no rural, establecéndose xente moza se ademais se favorecen condicións de vida digna, especialmente para as mulleres.

- Consumo de alimentos sans, seguros e accesíbeis para toda a cidadanía.

- Desenvolvemento de outras actividades complementarias que incidan no fomento do emprego no rural.

As preguntas que nos facemos, crendo que tamén outra Galiza é posíbel son:

Teremos a oportunidade de desenvolver o comercio xusto entre e para os galegos e galegas?

Seremos quen de ver na aposta polo comercio local e polos produtos caseiros unha estratexia no desenvolvemento da Galiza?

Pensamos que si, máis é todo un reto.

Dez mil persoas na manifestación da plataforma Galiza non se vende

O Sindicato Labrego Galego foi un dos máis de oitenta colectivos que secundaron a convocatoria

O dezaseite de febreiro máis de dez mil persoas acudiron á convocatoria da rede Galiza Non Se Vende a prol da defensa do territorio. Unha marea de camisetas e pancartas, de tantas cores

como conflictos ecolóxicos existen actualmente na Galiza, ocupou durante case tres horas as rúas de Santiago de Compostela. Familias ao completo participaron nesta mobilización, ca-

racterizada pela perfecta conxugación da reivindicación e o ambiente festivo.

A sociedade galega berrouno moi claro ese domingo: goberne quen gobérne, Galiza non se vende.

Fiel ao seu posicionamento histórico, o SLG vén de participar na mobilización convocada pola rede Galiza non se Vende no pasado 17 de febreiro.

Ficando ao carón daqueles inciativas que teñen por obxectivo a defensa do noso País, o Sindicato Labrego foi partícipe desta iniciativa da sociedade civil galega na contra da especulación que as grandes multinacionais exercen a través dos gobernos soberanos do territorio, os recursos e os pobos.

Neste momento as explotacións agrarias están sufrindo xa as consecuencias derivadas da política territorial desenrolada pola Xunta, reflectida na actualidade en iniciativas como o Plan Acuícola de Galicia, a Lei de Minaría ou a nova Lei do Solo.

Para levar a cabo estas accións está prevista a expropiación de terras agrícolas por parte da Xunta,

poñéndoas á disposición de grandes multinacionais, o que afectará á actividade de moitas labregas e labregos.

Dende o SLG, non podemos consentir que a Xunta de Galicia entregue a terra agraria ás empresas.

Este feito constitúe un ataque contra Galiza e o seu pobo, forzando ás labregas e labregos a prescindir da base da sua actividade e dos seus recursos, e ao noso país da base para a súa soberanía alimentaria.

Iniciativas lexislativas como as pretendidas pola Xunta, non semellan estar deseñadas para o aproveitamento dos nosos recursos, senón para a expoliación dos mesmos. Así, os criterios que validan estas iniciativas lexislativas propostas polo Goberno galego afástanse de valores clave como a sustentabilidade ou a conservación dos riquísimos recursos naturais de Galiza.



O percorrido rematou na Praza da Quintana, onde se procedeu á lectura do manifesto

Asemade, constitúen iniciativas que non repercutirán positivamente nas galegas e galegos, senón en beneficios para as grandes

empresas así coma no incremento dun tipo de turismo nocivo para o entorno.

Por todo isto, o Sindicato Labrego Galego posiciónase

ao carón do pobo galego na contra da destrucción do territorio, na contra da destrucción da Nosa Terra. Galiza non se vende.



Esquerda: Portando a faixa do Sindicato Labrego Galego, de esquerda a dereita: Benito Pose (Dirección Nacional en Muxía), Xosé Manuel Calvo (Organización Territorial e Estruturas), Carme Freire (Secretaria Xeral), Dorita Simil (Dirección Nacional en Muxía), Mariano Pazos (Formación e Servizos), Charo Sánchez (Medio Ambiente, Terra e Monte) Dereita: Veciñ@s do concello de Muxía manifestándose na contra da ampliación da Stolt Sea Farm en na aldea de Merexo.

Xosé Álvarez Lombardero, responsábel do sóctor da carne no Sindicato Labrego Galego

“Apostar únicamente pola raza Rubia sería enterrar a IXP Tenreira Galega”

Na reunión do Consello Regulador de Tenreira Galega, celebrada o pasado 31 de xaneiro, parte dos temas a debater afectaron á reforma do Regulamento de Funcionamento da Indi-

O primeiro dos puntos a discutir na reunión do Consello Regulador de TG versou sobre a reforma do artigo nº 5 do Regulamento, relativo ás razas que haberán de ser protexidas.

Inda que o Regulamento actual ampara ás razas autóctonas Rubia Galega, Morena do Noroeste e os seus cruces, no País hai multitud de razas e cruces non tipificadas.

Así as cousas, habería que protexer tamén estes casos, xa que Ternera Gallega certifica carne, non xenética.

Malia todo, o SLG é consciente de que esta tendencia inverterase no futuro, converténdose a Rubia Galega na raza predominante dentro desta IXP.

Así as cousas, o Sindicato propón ir orientando as explotacións cara a produción maioritaria desta raza nun período aproximado de cinco anos.

Nembergantes, as explotacións non haberían de contar únicamente coa raza pura, senón tamén cos cruces con outras razas, identificadas previamente polo Consello Regulador.

Esta idea tamén foi transmitida na reunión celebrada con Acruga, na que o

cación Xeográfica Protexida (IXP). Neste senso, dous dos puntos máis conflictivos atinxiron á produción. O SLG propuxo a tipificación de razas e cruces inda non rexistrados e a exten-

sión da denominación TG Suprema tamén a aqueles becerros que, tras seren amamantados ata os sete meses, son alimentados con pensos de cereais durante un ou dous meses máis.

SLG deixou ben claro que apostar únicamente pola Rubia Galega sería enterrar Ternera Gallega xa que a produción sería mínima.

O segundo dos temas tratados de xeito específico na reunión do Consello Regulador versou sobre a reforma do artigo nº 8 do Regulamento, o que define as tipoloxías.


No tocante á TG Suprema, devandito artigo esixía que os becerros mamaran ata a súa comercialización.

Dende o Sindicato Labrego Galego propúxose que esta categoría se estenda tamén aos becerros que maman durante sete meses e logo se complementan con penso de cereais durante un ou dous meses, xa que a súa carne non perde calidade.

Importancia do control

Neste encontro abordouse tamén o feito de que Ternera Gallega e outras denominacións de orixe quedaran sen subvencións do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) para o Programa de Control.

Pese a esta situación, o control non debe ser abandonado, xa que é garante de prestixio de TG.



A orixe da raza remontase á protohistoria, chega á Galiza da man dos celtas

Para suprir esta perda de subvencións, o Sindicato Labrego Galego propuxo o aumento das taxas de mercaxe, sendo logo subvencionadas a cada produtor/a pola Consellería de Medio Rural por medio dunha liña de axudas que sufragarían estes custos de pertenza a unha IXP.

Estes temas foron tratados posteriormente na reunión da Dirección Na-

cional da Carne do SLG, onde tamén se abordou o grande incremento dos custos de produción (pensos, abonos, gas-oil), que se achegan aos 150€ por becerro, sen ter en conta a alimentación da nai.

Porén, nesta xuntanza da Dirección Nacional propúxose ir argallando mobilizacions no sector encamiñadas á aplicación de medidas por parte do Min-

isterio de Agricultura: a subvención de parte da Seguridade Social, o regulamento do mercado e control da especulación no eido das materias primas e o regulamento das marxes comerciais de carácter abusivo existentes na actualidade, que poden chegar até máis do 100% dende @s productores e productoras ao punto de venda.

Asambleas informativas do SLG sobre o Contrato de Explotación Sustentábel

Co gallo da presentación do Contrato de Explotación Sustentábel (CES) pola Consellería de Medio Rural, e as rectificacións propostas polo Sindicato Labrego Galego, ó longo dos meses de febreiro e marzo están tendo lugar asambleas informativas en diferentes comarcas da Galiza.

Estas xuntanzas teñen como obxectivo principal

aclarar que é o CES, así coma que requisitos e compromisos haberán de cumplir as explotacións para accederen ás axudas propostas en devandito contrato.

Por outra banda, abordanse tamén outros puntos de grande importancia para as explotacións, como as consecuencias da suba nos custos de produción ou o



Adolfo Cabarcos e Margarida Prieto analizaron o CES canda os veciñanza de Abadín

novo sistema da Seguridade Social para labregos e labregas.

Asemade, estase dando conta da campaña e accións do Sindicato Labrego Galego

para acadar prezos que cubran os custos e remuneren o traballo.

Garántense as saídas das pistas de concentración en Santaballa

O delegado de Política Territorial admitiu as peticionadas da veciñanza e do Sindicato Labrego Galego

No ano 2002 expúxose ao público o estudo informativo do tramo da autovía Cabreiros – Vilalba. Nese momento, varios colectivos veciñais, gandeir@s afectad@s afiliad@s ao Sindicato

Labrego Galego, así coma representantes do BNG de Vilalba, presentaron diferentes alegacións, na mayoría dos casos referidas a pasos e traídas de auga. Mais se ben as alegacións ve-

ciñais foran recollidas na Declaración de Impacto publicada no ano 2003, a veciñanza non coñeceu novos datos do proxecto até a orde de expropiación tres anos máis tarde, xa no 2006.

O pasado seis de febreiro representantes veciñais e unha delegación do Sindicato Labrego Galego - composta por Margarida Prieto Ledo, Coordinadora comarcal da Terra Cha, e Lupe Prado, membro da Dirección Nacional- entrevistáronse con José Daniel Núñez Segade, Delegado de Política Territorial Obras Públicas e Transportes, Luis Miguel Muñoz do Servizo de Inspección de Obras e representantes da empresa.

Este encontro tivo como obxectivo topar unha solución definitiva aos problemas que a autovía Ferrol-Vilalba está a provocar ós veciños e ás veciñas de Santaballa de Vilalba (Lugo), ao quedar varias pistas de concentración parcialaria sen saída.

O delegado de Política Territorial aceptou as peticionadas, quedando as mesmas pendentes do desesnrolo das obras. Nesta reunión, o Sindicato Labrego fixo tamén referencia á idefensión que sentiron @s veciñ@s ao enterarse de que as

súas alegacións non foran contempladas no proxecto.

Finalmente, adquiriu o compromiso por parte da Administración de facer accesos para que ningunha pista quedase cortada, así coma aumenta-los camiños de servizos para que tódalas fincas quedasen con boa asistencia.

Estas conclusións foron trasladadas nese mesmo día ás veciñas e veciños polo Sindicato Labrego nunha asamblea informativa á que tamén acudiu o representante do Servizo de Inspección de Obras.

O SLG non discute o interese público da construcción da autovía Cabreiros – Vilalba, mais cómpte defender perante todo os intereses da veciñanza e das explotacións gandeiras.

Ademais trátase dunha concentración parcialaria con recentes inversións económicas encamiñadas a mellorar o seu rendimento agrario, incrementando a necesidade de velar pola correcta execución deste novo proxecto.



A veciñanza de Santaballa valorou positivamente que o SLG lle dese a coñecer os acordos

Un conflicto presente desde 2002

No 2002 a asociación de veciños Trastomil denunciou problemas que afectaban a catro pistas de concentración e á pista de Lanzos. Escritos presentados polo BNG e a familia de Guadalupe Prado incidiron no mesmo tipo de problemática.

Porén, na Declaración de Impacto publicada no 2003 fixouse referencia explícita á necesidade de garantir que as obras da autovía non afectasen nin ao abastecemento de augas nin ás pistas de paso.

Ata a publicación da Declaración de Utilidade Pública no ano 2006, non se aportou ningún outro dato público nin máis exposicións do proxecto.

A Administración só voltou a aportar información no momento da expropiación, dando a coñecer a superficie afectada, pero non como quedaban os vias, nin o modelo definitivo do proxecto de construcción da autovía Cabreiros - Vialba.

Sustentabilidade e novas incorporacións

A Consellaría do Meio Rural ven de publicar no DOG do 22 de febreiro de 2008 as axudas para a eficiencia e sustentabilidade das explotacións agrarias, para o investimento en explotacións agrarias ecológicas e para a incorporación de novos activos agrarios.

Sustentabilidade

No que respecta aos plans de mellora o investimento poderá chegar a un máximo de 100.000 € por UTA sen superar 200.000€ por explotación cando a persoa titular sexa unha

persoa física ou unha comunidade de bens.

No caso de titulares persoas xurídicas, este límite máximo poderá chegar aos 800.000€. A contía das axudas oscila entre o 55% e o 15% dependendo do tipo de investimento e da persoa que solicita a axuda.

Novas Incorporacións

Para persoas entre 18 e 40 anos que exerzan ou pretendan exercer a actividade agraria, axudas dirixidas a auxiliar os gastos e investimentos derivados dela consistirá en:

1. Prima por explotación, nunha contía máxima de 20.000 € que se poderá substituír, total ou parcialmente, por unha bonificación de xuro equivalente.
2. Bonificación de xuros, que poderá aplicarse sobre o xuro preferente na súa totalidade, por un importe non superior a 20.000€ dun préstamo cujo importe non poderá superar o 90% do gasto total e será compatible coas axudas do punto 1. Presentación de solicitudes do 23 de febreiro ó 22 de marzo, e do 24 de marzo ó 31 de maio de 2.008.

Importante: PAGAMENTO DA SEGURIDADE SOCIAL ANTES DO 31 DE MARZO

Comproben que teñen pagados todos o cupóns da seguridade social: 1 en decembro, 2 en xaneiro 1 en febreiro.

As persoas que o teñan domiciliado mais a

Seguridade Social non lle pasou ao cobro recibo ningún, haberán de solicitarlo e levar a pagar en mano, antes do 31/03/08.

De non facelo así, pagarán recargo.

PERIGO TRANSXÉNICO!!!
NON MERQUES
SEMENTES de MILLO de
MONSANTO
nin de
PIONNER



Xavier Gómez Santiso, Coordenador de Sectores Gandeiros do Sindicato Labrego Galego

3.000 gandeir@s mobilízanse perante PULEVA pola baixa do prezo do leite

A industria láctea xa xeneralizou baixada da que se viña falando nestes días. Unhas más e outras menos, pero todas consolidaron esta ameaza para o pago do leite de febreiro. É por iso

A baixada de 6 céntimos, ca que ameazaba PULEVA, e algunha outra empresa máis, representa para a explotación media de Galiza 1000 euros mensuais: un soldo dos bos dos que se cobran neste País (entre a xente que traballa).

Fai seis meses conseguiron que creramos que non había leite, agora queren que creamos que xa hai de sobra.

Unha estratexia para conseguir o que as grandes multinacionais queren: a liberalización da producción, para poder comercializar grandes cantidades a pouco prezo.

Xa se da por sentado, inda que non sexa certo, que a desaparición do control da producción vai ser un feito para 2015, e que a cota da U.E. incrementarase nesta campaña con ese dous por cento anual.

A Comisión Europea díxoo, ó MAPA parécelle ben, e a Ministra viú a Galiza facer campaña ofrecendo cota gratis.

Estas son as razóns que

que, o pasado 6 de marzo, o sector lácteo demostrou que é capaz de dar resposta en moi curto prazo de tempo, e unanimemente, cando se lle agride de xeito tan cruel. Na concentración

convocada diante da factoría de PULEVA en Nadela, máis de tres milleiros de persoas demostraron que non están dispostas a que lles rebaixen o seu salario mensual.



Esquerda: Quintuplicáronse as previsiones de asistencia. **Dereita:** A trascendencia das reivindacións deu lugar a incidentes

argumentan a baixada de prezos, e non a situación do mercado nin outras pampinas semellantes.

A mensaxe é clara: producde o que queirades, tanto máis mellor que o prezo xa o poñemos nós.

Pero o sector produtor, nesta ocasión tamén o entendeu e a concentración do día 6 lanza unha clara

mensaxe: queremos un salario digno para o noso traballo.

O día 13 de marzo estaremos en LACTOGAL, Pontedeume, e logo haberá outras mobilizaciones, porque os produtores e produtoras de leite non podemos permitir que as nosas rendas caian un céntimo, porque temos que recu-

perar un prezo que nos pague custos e traballo, porque nos está custando moito sobrevivir.

Dos 0,45 € que seica cobrabamos de media ata, ó Euro que custa o cartón na tenda, hai marxe abondo para encher varias luvas brancas e a conta de resultados de moitas empresas.

Esta primavera, ata

empezar coa ensila, imos adicarnos a asegurar un prezo que garanta a supervivencia de todas as explotacións, e ese será un traballo importante e prioritario para todos e todos.

Iremos ás centrais leiteiras ou ás rúas das nosas cidades ou a onde faga falta, para proxectar o futuro d@s gandeir@s da Galiza.

“O SLG actuará para que os prezos cubran os custos e aporten beneficios”

O prezo do leite subiu nos últimos seis meses arredor do 40 %.

Os custos de producción (pensos, fertilizantes, seguridade social, gasóleo, ...) subiron arredor dun 50 %.

Isto significa que o sector estaba nunha boa situación, malia que tampouco era un momento extraordinario.

Dende logo, se o prezo non tivera subido nesa cantidade, a maioria das explotacións non aguantarían este incremento de custos, xa que levarían tempo perdendo moito diñeiro.

Agora aproxímase un novo escenario.

En Europa decidiron comenzar co incremento de cota (2 % anual) para ir quitando as cotas pouco a pouco.

Esta decisión xa surtiu o seu efecto, poñéndonos á porta dunha nova baixada de prezo, e non pequena.

Así as cousas, semella que imos ter algo máis de cota pero a menos prezo.

Esa é a política que nos aplican: traballar máis para gañar menos.

Neste senso, o Sindicato

Labrego Galego considera que esta é a verdadeira razón da baixada do prezo, xa que existe demanda suficiente, non habendo restos sobrantes almacenados.

No tocante á mellora dos prezos de venda, cómpre aclarar que non beneficiou a todo o mundo.

A realidade é que este incremento non oscila entre os 0,46 e 0,48 €, como se adoita dicir, senón que as diferencias van desde os 0,38 aos 0,48 €. É dicir, unhas explotacións cobraban ben e outras non tanto.

O que sí é verdade é que o acordo da Mesa do Leite que fixaba que as diferencias non excederían de 3 céntimos vense de botar por te-rra, polo que teremos que pedir de novo a aplicación do acordo.

Nestes momentos, e coa ameaza da baixada diante, o SLG non ten outra solución que artellar mobilizaciones defendendo que os prezos abrangen os custos e o traballo.

Se subiron os custos non pode baixar o prezo, e se seguen a subir, o prezo de-

berá seguir subindo. Non nos están regalando nada.

Outra cousa máis: no líneal dos supermercados o prezo de venta ao consumidor é de 1,12 €, isto é bastante máis do sobre do que nos pagan nas granxas, áinda que poñamos o prezo máis alto de 0,48 €.

Porén o beneficio seguen a levalo os de sempre, non sendo o sector produtor nunca o que se beneficia destes “cravos” ao consumidor. O dito: temos que volver a mollarnos para defender prezos decentes.

A superficie forraxeira poderase declarar por separado do Pago Único

Tras esta reforma da PAC moitas explotacións non perderán o dereito á Indemnización Compensatoria

A Consellaría de Medio Rural vén de atende-la demanda do SLG na que especificaba que na solicitude única do ano 2008 se lle dea ás explotacións a posibilidade de declarar por separado

A aplicación da normativa comunitaria de axudas da PAC ten dado moitos problemas na Galiza por non adaptarse á nosa realidade.

Devandita inadecuación ten coma consecuencia a perda de moito diñeiro e dereitos de produción para as explotacións.

Até o de agora, a mesma problemática viña dada pola aplicación do réxime do Pagamento Único e Indemnización Compensatoria, unha problemática que non procedía da normativa comunitaria en si, senón da interpretación que desta se estaba facendo.

Deste xeito, até a solicitude do SLG, estábaseelle considerando ás explotacións a totalidade da superficie que declaran para os dereitos de Pagamento Único (DPU) para a realización do cálculo da superficie forraxeira da indemnización compensatoria.

Nembergantes, nós consideramos que non é o mesmo unha hectárea de superficie forraxeira que unha hectárea admisibel para o DPU.

Na definición de super-

a superficie forraxeira da superficie para os DPU (Dereitos de Pago Único). Dende o SLG insistimos na importancia do mantemento de tódalas explotacións, ainda que o seu tamaño

sexa pequeno, é así llo manifestamos á Consellaría, que compartiu o noso punto de vista modificando a normativa para que, deste xeito, máis explotacións accedan ás axudas.



As explotacións contribúen a fixa-la poboación rural e á prevención de lumes nos montes

ficie forraxeira queda claro que esta é para a cría do gando, namentres que a hectárea admisibel fai alusión a aquelas terras que, adicadas á producción de cultivos, atopanse mantidas en boas condicións agrícolas e ambientais.

As explotacións agrarias e gandeiras cambian de seguido, ben sexa por circunstancias propias ou al-

leas a esas explotacións e ós seus titulares (idade, enfermidade do titular ou de familiares, cambios de producións, saneamento, etc).

Así, unha explotación que nos anos de referencia do Pagamento Único tiña corenta cabezas de vacún de carne e corenta e cinco hectáreas de superficie forraxeira, hoxe é posíbel que, por calquera das circunstan-

cias antes enumera-das, ou outras, conte cun número mínimo de 8 cabezas de gando, adicando a superficie do pago único para forraxe ou cereal forraxeiro para a venda.

É posíbel, incluso, que esta situación sexa temporal. Non obstante, malia que ao considerar toda a superficie da explotación como forraxeira esta non acade a carga

gandeira mínima, se devandita explotación reúne o resto de requisitos que regula a orde, habería de concedérselle a indemnización compensatoria.

Non debemos esquecer que esas pequenas explotacións, que en aparen-cia non son rendíbeis económicamente, si que o son para a sociedade.

En terreos onde topamos explotacións agrarias, a sociedade non ten que investir o diñeiro público en previr, nin apa-gar os incendios.

Ademais, estas explotacións fixan a poboación rural ó tempo que garanten ás familias unha alimentación de cali-dade, mellorando a súa calidade de vida en xeral.

Nun plano máis hu-mano, conservar estas explotacións garante que as persoas maiores do medio rural sexan coidadas e atendidas na súa casa, sen seren arrincadas do medio onde viviron toda a súa vida.

Porén, é evidente que os beneficios que as labregas e labregos aportan á sociedade son moitos, e que deben de ser recompensa-dos e recompensados.

Non á simplificación productiva na PAC

Xosé Ramón Cendán, responsábel de Relacións Exteriores do Sindicato Labrego Galego e membro da Comisión Executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE), participou o pasado dezanove de febreiro en Bruxelas nunha reunión do Comité Consultivo PAC (Política Agraria Común) sobre a simplificación da mesma.

Neste encontro abordáronse cuestións relativas á simplificación, tanto burocrática-administrativa

como de carácter político.

Dentro desta primeira simplifi-cación contemplaríase, por unha banda, a fusión dos regulamentos das OCM's (Organizacións Comúns de Mercado) nunha OCM única.

Asemade, tamén se procedería á fusión dos regulamentos da PAC horizontal.

O Sindicato Labrego Galego é partidario da simplificación para as administracións, pero nestes mo-

mentos non hai nada que indique que a burocracia á que teñen que fazer fronte as explotacións vaia a desaparecer ou reducirse, cuestión clave na que Xosé Ramón Cendán insistiu ao longo da reunión co Comité.

En canto aos procesos de simplificación política propostos polo Comité Consultivo PAC, estes facilitarían as importacións e exportacións, o que implicaría dar un paso mais na liberalización do mer-

cado, sendo posíbel que aparezan problemas sanitarios ou de competencia desleal ó non existir os mesmos contros produtivos en tódolos países da Unión Europea.

Por banda, dentro desta simplificación política atópase tamén a proposta dun desligamento total dos sectores, que o SLG valora como nefasta.

Este desligamento podería deixar grandes areas xeográficas desfa-vorecidas sen producción.

Inauguración da Casa Forestal de Baroña en Porto do Son

As instalacións serán sede da Mancomunidade de Montes Serra do Barbanza e da CMVMC de Baroña

As mancomunidades de montes contan con regulamento legal dende o ano 1992 (Lei 13/89 de Montes Veciñais). Ao acto de inauguración celebrado o 16 de febreiro foron convidados e con-

vidades o Conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, a Delegada Provincial da Consellería do Medio Rural, Olga García Agra, a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego,

Carme Freire Cruces e a técnica da Asociación Frouma, Mariam Ferreira Golpe. Acudiron, tamén, representantes das Comunidades de Montes da Barbanza e das proximidades.

A Casa Forestal de Baroña, situada no monte Dodro, Porto do Son, ubícase nun edificio recentemente rehabilitado coa axuda da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no que se levan investido máis de 100.000 euros.

No transcurso do acto expúxose a importancia de mancomunarse, pois son moitos os beneficios.

Mellórase o funcionamento das comunidades, adquirindo experiencia, información e formación.

Ademáis, a realización de traballos e servizos en conxunto, abarata custos e mellora a xestión.

Asemade, obtense de xeito máis doado o asesoramento preciso para a implantación e desenvolvemento de novos usos e a ex-

plotación integral e multifuncional dos recursos do monte, acadando, ademais, maior forza na defensa dos dereitos e intereses das propiedades veciñas.

Subliñar, así mesmo, que ao ser o funcionamento interno das mancomunidades moi semellante ao das propias comunidades de montes, non supón unha burocratización excesiva das actividades.

Felicitar, xa que logo, aos comuneiros e as comuneiras da Barbanza pola posta en marcha desta Mancomunidade, da que xa forman parte as CMVMC de Xuño, Caamaño, Queiruga, Ribasieira, Baroña, Noal, Miñortos e Santa Cruz de Lesón e animar ao resto das Comunidades de Montes a sumarse á iniciativa.



De esquerda a dereita: Mariam Ferreira e Carme Freire (SLG); Juan Paz Santos, presidente da Mancomunidade de Montes da Barbanza; Alfredo Suárez Canal, Conselleiro do Medio Rural e Olga García Agra, delegada provincial da Consellería do Medio Rural

Bioenergalicia S.L. establece cláusulas abusivas nos convenios coas mancomunidades

Bioenergalicia S.L., empresa adicada á produción de enerxía a partir da biomasa forestal está a realizar unha serie de charlas por todo o País nas que informa da posibilidade de establecer convenios de colaboración entre a empresa e as comunidades de montes veciñas en man común para o aproveitamento enerxético da biomasa residual.

Nembergantes, o que en principio se presenta como un convenio vantaxoso para os comuneiros e as comuneiras -a empresa oferta realizar as plantacións e os coidados silvícolas precisos no monte-, agocha numerosas cláusulas abusivas, deixando á comunidade de montes sen ningún poder de decisión.

De feito, a empresa gárdase para si cuestiós tan fundamentais coma a elaboración dos plans de orde-

nación ou xestión do monte, a contratación do persoal que realizará os traballos forestais, a xestión e estudio para a venda da madeira, a xestión con organismos públicos e, o que é más grave, a xestión de subvencións e axudas, cando só os propietarios e as propietarias dos terreos teñen a capacidade legal para solicitalas.

Ademais disto, a empresa establece condicións específicas segundo se trate da producción de cultivos enerxéticos, da xestión de monte madeirábel ou da retirada da biomasa forestal residual.

Cando se trate da xestión dun monte madeirábel, a empresa realizará as repoboacións, os clareos, as podas e as rozas necesarias, mais os custos derivados destas accións correrán a cargo da comunidade de

montes. A cambio, Bioenergalicia pagarálle 40 € por tonelada de biomasa seca á comunidade.

A comunidade de montes non poderá rexeitar que se realicen estes traballos, pois mediante a sinatura do convenio permiténtelle a empresa que elabore os plans de ordenación e xestión, onde se reflecten os coidados silvícolas que obrigatoriamente hai que realizar.

Ademais, a comunidade permitiríalle á empresa regular os aproveitamentos que se realicen no monte, polo que Bioenergalicia podería realizar no monte convido cantas actividades quixer, ademais do aproveitamento da biomasa, que é para o que nun principio se asina o convenio.

É por isto que se recomenda que antes de asi-



Neste ano publicarase a orde de Medio Rural que regulará os cultivos enerxéticos forestais da Galiza

nar calquera tipo de documento, a comunidade de montes consulte con persoal técnico cualificado as condicións e cláusulas recollidas no convenio de colaboración.

Deste xeito, poderemos realizar o aproveitamento de biomasa residual nos montes sen perder os dereitos que nos corresponden a favor dunha empresa allea á comunidade de montes.

O SLG visita a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galiza en Leiro, Ribadavia

Malia a levar a cabo unha importante laboura de asesoramento e control, cómpre amplia-los servizos ofertados ao sector

Creado no ano 1987, adscribiuse á Xunta de Galiza a través do Centro de Formación, Investigación e Tecnología Agraria de Galiza (CFITAG). Ten servizos de viticultura e enoloxía, ade-

mais de contar cunha adega experimental, unha destilería e varias fincas de ensaio cunha ampla colección de variedades autóctonas galegas. Asemade, conta con laboratorios avanza-

dos e leva a cabo análises de mostras de viño para os consellos reguladores do viño e do augardente, así coma para particulares que o soliciten, proporcionandolles o asesoramento axeitado.

O pasado 27 de febreiro unha delegación do SLG composta por Carme Freire, Secretaria Xeral; Xosé Manuel Parente, secretario de Producción Vexetal; Mauel Docampo, responsable do Sector do Viño; e Mónica Vázquez do SLG de Valdeorras, visitou as instalacións da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galiza (EVEGA) en Leiro, Ribadavia. Foron recibidos e atendidos por Ramón Obiols, director de EVEGA, Alfonso Losada, xefe da Sección de Enoloxía e Francisco Rego, xefe de sección de Viticultura de EVEGA e colaborador habitual do Sindicato Labrego Galego.

Nesta visita ás instalacións de EVEGA, o SLG percibiu unha grande falta de medios humanos, atopándose boa parte do persoal adscrito á investigación en I+D+I, mais sendo escasos os recursos humanos para cubrir outras labouras más propias das necesidades que Galiza ten en canto a atención vitivinícola.

Neste senso, cumpliría prestar tamén unha maior atención á difusión das investigacións realizadas no EVEGA, xa que na actualidade esta estación vitivinícola non conta con ningunha publicación que transmita os resultados dos seus proxectos ás persoas que traballan no sector.

Ademais, semella que inda hai que traballar máis na concreción das directrices centrais das experimentacións e investigacións, sendo urxente resituar o papel que este centro con respecto ás prestacións que habería de proporcionar ao sector vitivinícola do País.

Porén, o SLG propón unha serie de actuacións encamiñadas a converter EVEGA nun verdadeiro



Xosé Manuel Parente, Ramón Obiols, Manuel Docampo, Carme Freire e Francisco Rego recorren o viñedo de EVEGA.

centro de investigación adicado ao viño e augardente galegos, de tal xeito que se caracterice polo seu dinamismo e utilidade para o sector e os/as consumidores.

Máis servizos

■ A creación dun departamento de documentación dos viños da Galiza, na procura da centralización da información bibliográfica e documental existente en materia vitícola e enoloxica. Asemade, sería un exercicio de racionalización dos recursos dispoñíbeis, prestando un servizo de docu-

mentación e acceso á información para tódalas/os profesionais do sector.

■ Un departamento de formación e difusión que se faga cargo dos cursos de formación das/os profesionais do sector, así coma da formación de catadores.

■ Unha área de observación económica e comercial dos viños, tanto da esfera internacional coma do noso País, onde se leve a cabo a interpretación das tendencias dos prezos e cambios dos mercados.

■ Completar a catalogación e estudio de tódalas var-

iedades existentes nas nosas riveiras, editando un catálogo da nosa realidade amperográfica.

■ Un servizo de normalización lingüística que, dentro das súas funcións, se encargue da realización dun diccionario galego profesional da viña, do viño, das augardentes, e de tódalas labores relacionadas co sector, incluído o léxico de cata.

■ Dispoñer dun servizo profesional e público de cata en aras da cualificación dos nossos viños con DO.

■ Ofertar asesoramento aos servizos de extensión

agraria, aos consellos reguladores das DO e ás indicacións xeográficas protexidas. Este servizo habería de extenderse tamén ás técnicas das cooperativas, organizacións e asociacións de produtores.

Todos estes servizos haberían dotarse dun equipo de técnicos con disponibilidade e distribución xeográfica axeitada ás nosas riveiras.

O Sindicato Labrego aposta por unha EVEGA máis útil, transformación que pasa polo incremento dos recursos humanos.

A Xunta permite experimentar con transxénicos en Galiza

A Península Ibérica é o territorio europeo con maior extensión de millo transxénico: 75.148 hectáreas

Emilio Pérez Touriño, presidente da Xunta de Galiza, vén de confirmar o consentimento gubernamental para o desenvolvimento de campos de experimentación transxénica no País (en

Lalín, Val do Dubra, Touro e Castro de Rei) do millo NK 603 x MON 810, un OMX prohibido recentemente polo Goberno francés amparándose na Cláusula de Salvagarda. O SLG fai un

chamamento á cidadanía para oponerse aos ensaios con transxénicos en Galiza. Con este obxectivo impulsarémos as actuacións dunha plataforma galega en contra dos OMXs.

Resulta incomprensíbel que a Xunta de Galiza non estime riscos nos ensaios con organismos xenéticamente modificados, dando ademais "o visto bo" pese a tratarse dunha agresión á nosa biodiversidade que non ten volta atrás.

Os casos de contaminación xenética documentados nos cultivos Oxm's no Estado e no resto do mundo, así como a avalancha de novas variedades transxénicas impulsadas polas empresas biotecnológicas, fan que sexa alarmante a contaminación da base do sistema alimentario: as sementes.

A posibilidade dunha contaminación irreversíbel do subministro de sementes é tan grave que esixe que o principio de precaución polo que se rexen tódalas políticas europeas se aplique neste caso rigorosamente.

Polinización cruzada

Para os labregos e labregas a contaminación xenética pode supoñer a perda de contratos con determinados compradores e unha invasión non desexada dos seus campos.

Para os labregos e labregas ecológicas o problema é máis grave, supoñendo a perda da certificación ecológica da súa producción, xa que a legislación vixente prohíbe a utilización e presenza de Oxm's no proceso de producción ecolólica.

A falta de evidencia da estabilidade a medio e longo prazo das variedades manipuladas xenéticamente e dos elementos xenéticos que incorporan, fan que a agricultura transxénica teña un inmenso potencial erosivo para a biodiversidade.

O mantemento dunha agricultura ceibe de trans-



Charo Sánchez Parga, Secretaria de Medio Ambiente, Terra e Montes do SLG, foi a encargada de moderar o debate da asamblea da creación da Plataforma Galega Anti-transxénicos

xénicos é indispensábel, sobre de todo perante dos moitos interrogantes en termos de rendemento, de problemas ambientais ou de saúde dos cultivos manipulados, consecuencias queinda seguen sen estar claras na actualidade.

Un recente estudio de risco para a saúde realizado o ano pasado polo CRIIGEN de Francia, confirma que ratas alimentadas co millo transxénico MON863 (parente do MON810), autorizado pola UE desde 2005, presentan signos de toxicidade hepática e renal.

Na súa primeira década de utilización nos distintos países, os cultivos transxénicos non aportaron beneficios para os consumidores e consumidoras ó tempo que os beneficios para os labregos e labregas son moi cuestionables.

Máis ben xeraron numerosos problemas ambientais, sociais, económicos e éticos: contaminacións xenéticas, contaminación por produtos químicos, perigo para a biodiversidade silvestre e agrícola, erosión

dunha agricultura e alimentación ceibes de transxénicos, danos a labregos e labregas pola perda de mercados, incertidume para a saúde humana, conflitos entre labregos e labregas, expulsións do ciclo produtivo dos labregos e das labregas de menor escala, etc.

A introdución dos Oxm's na agricultura responde a intereses económicos dunhas poucas multinacionais que tentan forzar a entrada dos alimentos transxénicos a pesares do rexeitamento dos consumidores e consumidoras e das labregas e labregas.

Os cidadáns e cidadás nunca demandaron alimentos transxénicos, a súa introducción é un intento de privatizar a alimentación.

Plataforma Galega

Dende o Sindicato Labrego Galego consideramos imprescindible e urgente artellar un movemento organizativo galego, similar ao existente noutras partes do Estado español e do mundo, para fazer fronte ao sistema de alimentación transxénica que se pretende

implantar dende as grandes multinacionais e gobernos.

Para acadar este obxectivo, o 29 de febreiro o Sindicato Labrego Galego convocou a primeira asamblea organizativa en Lalín, en réxime de convocatoria aberta.

Foi esta unha reunión enfocada principalmente cara o deseño de iniciativas e respostas activas, tomando a determinación de crear unha plataforma anti-transxénicos en Galiza.

Vinte organizacións sociais galegas iniciaron, deste xeito, o camiño que nos haberá de levar á consecución do obxectivo final: **a declaración de Galiza zona ceibe de transxénicos**.

Nos próximos días desenvolverase o aparato comunicativo da Plataforma Galega Antitransxénicos: o manifesto "Galiza ceibe de transxénicos", un documento de carácter técnico-informativo que trasladará as nosas argumentacións á sociedade galega e unha motion dirixida aos concellos para seren declarados zonas ceibes de transxénicos.

Liñas de actuación da Plataforma Galega Anti-transxénicos

Dende a súa aparición, os organismos xenéticamente modificados non aportaron melloras na calidade dos alimentos, senón grandes incertidumes sobre a inocuidade dos produtos que os conteñen.

Na reunión que tivo lugar o pasado vintenove de febreiro en Lalín (Pontevedra) estableceronse as liñas principais de traballo que a Plataforma Galega Anti-transxénicos (OMX's) levará a cabo:

1º-Esiximos información por parte da Administración en todo o relativo ao cultivo e experimentación de transxénicos en Galiza.

2º-Solicitarase unha entrevista con carácter de urxencia cos/cas responsábeis máxim@s das Consellarías de Medio Ambiente e Medio Rural, na que se lles trasladará as demandas da Plataforma Galega Antitransxénicos.

3º-De xeito paralelo, iniciarase unha campaña de información cidadá referida ós riscos derivados do consumo e cultivo de transxénicos.

Iniciarase de modo más intensivo nos concellos onde xa se teñen realizado ensaios con OXM's.

4º-Comezarán os trámites para a promoción dunha iniciativa lexislativa popular (ILP) orientada á prohibición da experimentación, cultivo e consumo de productos transxénicos en Galiza.

O Goberno prohíbe os actos do Día da Muller

A Subdelegación retrasou a prohibición até facela pública tres días antes da data

A orixe do Día Internacional da Muller remontase ao final do século XIX. O 8 de marzo de 1857, As obreiras da Triangle Shirt

Waist Company de Nova York, declaráronse en folga e ocuparon a fábrica para denunciar

A Marcha Mundial das Mulleres, da que forma parte a Secretaría das Mulleres do SLG, considera que a convocatoria das eleccións o 9 de marzo, deixando o día 8, "Día Internacional das Mulleres", invisibilizado pola convocatoria electoral, reflete un claro desinterese pola loita das mulleres.

Unha vez, máis os intereses que prevalecen non son os das mulleres, e seguramente tería más peso na decisión desta data que non coincidise co antroido, coa semana santa ou con calquera outra data institucionalizada.

A Marcha Mundial das Mulleres non considera que a manifestación do 8 de marzo, unha manifestación histórica, que se realiza en todo o mundo na mesma data, e que as organizacións



Catorce mulleres asasinadas en cincuenta e sete días no 2008. Cada catro días unha vítima

de Galiza vimos convocando desde hai máis de 30 anos, sexa un acto de campaña electoral (acto que estaría prohibido polo artigo 53 da Lei Orgánica de Régime Electoral Xeral),

senón un xeito máis de autoafirmarnos e reivindicar a igualdade de dereitos e de trato para as mulleres, algo no que todos os partidos políticos deberían estar de acordo.

Ademais, tendo en conta a insostíbel situación de violencia machista na que nos atopamos, non semella razonábel prescindir, escatimar ou poñer trabas na realización destes actos.



Vilalba demanda axudas á conciliación da vida familiar e laboral das labregas

Isabel Vilalba, responsable da Secretaría das Mulleres no SLG, entrevisouse o pasado catorce de febreiro coa Secretaria Xeral da Igualdade, Carme Adán Vilamarín.

Nesta reunión, a Secretaría das Mulleres demandou que os homes labregos poidan acceder ás axudas para a conciliación da vida familiar e laboral.

Intercambio de experiencias femininas en Portugal o vindeiro mes de abril

A Secretaría das Mulleres do SLG está valorando facer un intercambio con mulleres labregas de Portugal.

A finalidade deste encontro será a de intercambiar experiencias e coñecer out-

ros xeitos de producir.

A data que se baraxa é primeiros de abril, antes da época de forte trabalho.

En función das que vos anotedes, así se organizará. A data de remate para anotarse será o dia 21 de marzo.

Un cento de asistentes no encontro anual da Secretaría das Mulleres

A Secretaría das Mulleres celebra o catorce ao dezaseis en Muxía o seu encontro anual.

Nestes encontros intercambianse vivencias e experiencias; abórdase a situación das mulleres no mundo rural, os logros e non logros

ante as demandas dirixidas á Administración e facemos actividades en conxunto.

O anterior encontro foi en Santiago. Desta vez elexiuuse Muxía por ser este un concello moi interesante para compartir experiencias coas mulleres que viven do mar.

Catro vítimas asasinadas no mesmo día pola violencia machista

O 26 de febreiro catro mulleres foron asesinadas polas súas parellas en Madrid, Cádiz, Valencia e Valladolid.

A violencia criminal e machista atinxiu o triste récord de que este fose o día con máis mulleres mortas dende que se estuda dito problema social.

A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego condea con rotundidade a violencia contra as mulleres e demanda actuacións máis enérxicas da Administración para acabar con esta lacra.

Non podemos afacer-nos a presenciar este xenocidio que está a ocorrer ao noso carón e non podemos permitir que os poderes públicos non poñan medios eficaces para evitar que aconteza isto.

Trátase dun problema de primeira magnitude, e unha sociedade que se define como defensora dos dereitos humanos non pode consentir estes crimes.

É incomprensíbel que non figure como o máis grande problema social que temos hoxe en día.

Non hai ningunha xustificación para a conducta dos asasinos e o Estado debe garantir que os agresores cumpran as medidas de afastamento, así como a seguridade das mulleres e dos seus fillos e fillas.

Este tema non se soluciona con discursos.

O Estado ten a obriga de garantir o dereito básico á vida das persoas. Para todo isto, os cidadáns e as cidadás de ben temos a obriga de non ser cómplices, e condear con rotundidade estes feitos, así como demandar dos políticos e políticas as medidas necesarias para acabar con esta violencia.

Segundo un estudo realizado recentemente a Organización das Nacións Unidas, unha de cada tres mulleres no mundo foi golpeada, sufriu abusos, ou foi obrigada a manter relacións sexuais algunha vez ao longo da súa vida.

Axudas á silvicultura en bosques no medio rural ■ DOG 11 de febreiro de 2008

Os importes de subvención corresponderase, como máximo, co 60% do valor máximo de investimento no caso de traballo silvícola en zonas desfasadas e co 50% do valor máximos de investimento no resto dos casos.

O prazo para presentar as solicitudes rematará o 12 de marzo de 2008.

Axudas para o fomento de frondosas caducifolias ■ 18 de febreiro de 2008

Establécese unha liña de axudas para o fomento das frondosas caducifolias. As actuacións obxecto de axuda son, por un lado a plantación de frondosas caducifolias, en este caso o valor máximo de investimento por hectárea é de 2.290€, e por outro os aproveitamentos silvopastoriais, plantación de castiñeiro, en este caso o valor máximo de investimento por hectárea de actuación é de 1.200€.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto dende o 19 de febreiro ao 19 de marzo de 2008.

Axudas de prevención e apoio a familias en situacions carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio ■ DOG 21 de febreiro de 2008

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as unidades con fillos menores de idade que se atopen en circunstancias de risco social e precisen apoios económicos para satisfacer as súas necesidades básicas e evitar a desestruturación.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda estará aberto ata o 22 de marzo de 2008.

Axudas á apicultura

■ DOG 3 de marzo de 2008

Poderán ser obxecto destas axudas: a prestación de información e asistencia técnica, para esta liña a subvención será do 50% dos gastos, loita contra a varroase, a subvención oscilará entre o 50% e o 85% dos gastos, raciona-

lización da transhumancia, neste caso a subvención será do 50% dos gastos, e apoio a repoboación apícola, a subvención será do 50% dos gastos. As solicitudes de axuda poderán presentarse ata o vindeiro 3 de abril.

Axudas á agrupación de produtores para a realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada.

■ DOG 11 de febreiro de 2008

Estas axudas teñen por finalidade o financiamento de actuacións dirixidas ao consumidores que sexan executadas por consellos reguladores e asociacións sen ánimo

de lucro de ámbito galego.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda rematará o 14 de marzo de 2008.

Devolución extraordinaria das cotas do Imposto sobre Hidrocarburos

■ BOE 19 de febreiro de 2008

Os agricultores e gandeiros poderán solicitar a devolución extraordinaria das cotas do Imposto sobre hidrocarburos soportadas con ocasión das adquisicións de gasóleo durante o período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007. O importe da devolución serán 0,078 céntimos por cada litro de gasóleo.

As solicitudes presentaranse de forma telemática a través de internet antes do 30 de xuño de 2008.

Axudas para paliar os danos producidos polo xabaril ■ DOG 21 de febreiro de 2008

Poderán acollerse a estas axudas agricultores profesionais que sufrisen danos nos seus cultivos por causa do xabaril dende o 1 de outubro de 2007 ata o 30 de decembro de 2008.

Os titulares dos cultivos afectados deberán poñer en coñecemento da Consellería de Medio ambiente nun prazo máximo de sete días a producción do dano mediante unha chamada ao 900 18 61 86.

Axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común. ■ DOG 3 de marzo de 2008

A Consellería do Meio Rural establece axudas para a realización de rozas manuais selectivas en montes veciñais en man común, para a xestión da biomasa nos montes veciñais en man común así como nas de vías e camiños forestais, para a construcción de puntos de auga nos montes veciñais en man común. Poderán ser beneficiarios destas axudas os titulares de montes veciñais en man común así como as súas agrupacións e mancomunidades.

Medio Rural anuncia a prórroga dos contratos de axudas ao almacenamento privado de carne de porcino.

O período de prórroga que se pode solicitar vai de 1 día a 3 meses, independentemente de que o contrato inicial fose por 3, 4 ou 5 meses.

O prazo de presentación de solicitudes é, a máis tardar, 3 días hábiles antes da data de finalización do contrato de almacenamento correspondente.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Círculo de muxido GASCOIGNE de 4 puntos, lavado automático, 26 metros de tubo.
Chamar ao 669 808 644

Véndese

Tractor NEW HOLLAND modelo TM 120, de 124 CV e 650 horas de traballo.
Preguntar por Carlos no teléfono 659 886 492

Véndese

Vacas de carne preñadas, con

cria ou sen ela. En Teixeiro.
Chamar ao 653 781 267

Véndese

Furgoneta PEUGEOT Partner en bo estado, con gancho de remolque e a ITV pasada.
Chamar aos números de teléfono 981 788 575 e 690 619 241

Véndese

Xato de tres meses para seminal. Procedente de transferencia de embróns da UTE de Gandería CID, de Barreiros.
Chamar ao mediodía ao teléfono 982 156 318

Véndese

Herba seca en rulos deste ano.

Chamar ao 981 695 588

Véndese

Touro de raza Cachena de cinco anos. Manso e tranquilo.
Preguntar por María Casal no teléfono 986 682 423

Véndese

-Círculo de muxido GASCOIGNE de 3 puntos e lavado automático.
-Tanque de frio.
Chamar ao 620 306 456

Véndese

-4 lamias (llantas) marca Momo de 5 buracos, montadas en cubertas de coche.

-4 rodas novas de lamia 15.
-Empacadora marca FIAT, modelo pequeno.

-Autocargador MERLINI con documentación.
-Pico hidráulico.

-Remolque de tractor de roda ancha, con laterais altas e ferros adaptados para levar os fardos de herba.

-Coche AUDI 80 1.8 a gasolina.
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260

Véndese

Autocargador de 30 m³, con eixe tandem e descarga hidráulica.
Chamar ao 667 877 125

Véndese

Herba seca en rulos.
Chamar ao 981 681 103

Véndese

Vacas de carne e porcos cebados en Arzúa.
Chamar ao 626 315 059

Véndese

-Grada rotativa de 250x250.
-Abonadora BICOM.
-Jhonder 818
Chamar ao 628 071 424

Véndese

Círculo de ordeño usado.
Chamar aos teléfonos 982 18 70 81 ou 690 17 65 77

Compra - Venda - Troco

Véndese Todo-terreo PATROL GR. Bo es- tado. Particular. Chamar ao 676410981	Véndense -Casa de pedra con 5 ferrados de terra, carballos e castiñeiro. Situ- ada en Friol (Lugo) -Tanque de 1000L. marca PACO. -Sala de ordeño GASCOINE seminova cpm 5 puntos e pul- sadores orixinais Preguntar por Ángel no 982 375 158	Véndense -JOHN DEERE 818 -Rotoempacadora DEUTZFHAR 1.50 -Graderotativa 2.50 Preguntar por Fernando no tlf 628 071 424	Véndese Tractor EBRO 6125, dobre trac- ción. COSTE: 12000 EUROS Chamar ao 625/18-09-03	Véndese Circuito WESFALIA 3 puntos con lavado automático e 5 anos de uso. Chamar ao 982 18 70 81.
Véndese Novillas frisonas próximas ao parto, con carta e en control leiteiro. Preguntar por Antonio nos tlf. 981 19 69 19 ou 610 962 132	Véndese Sementadora de millo. Marca MONOSEN de 4 liñas, mecánica e en moi bo estado. Preguntar por Jesús no teléfono 699 458 019	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese 462 litros de viño tinto do ano 2007. Zona d'A Cortegada. Preguntar por Severino no tlf. 988 30 36 70.
Véndense Sementadora de millo. Marca MONOSEN de 4 liñas, mecánica e en moi bo estado. Preguntar por Jesús no teléfono 699 458 019	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese Lagar antigo de propiaño con máis de 200 anos de antigüedad en Verín. Chamar ao 627944520	Véndese Lagar antigo de propiaño con máis de 200 anos de antigüedad en Verín. Chamar ao 627944520	Véndese Máquinas de limpar cereal e muíño de moer cereal. Chamar ao 982 17 51 32
Véndese Becerras dun ano da zona de Lalin. Raza Cachena. Mansas. Chamar ao 605 897 352	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese Dereitos de pago único. Chamar a mediodía ou pola noite, preguntar por Domingo no 988454514	Véndese Autocargador GALAGRI, modelo 2600. Abonadora 400kg Chamar ao 659659481	Véndese Autocargador GALAGRI, modelo 2600. Abonadora 400kg Chamar ao 659659481
Véndese Rebaño de vacas de raza Caldelá. Chamar ao 679 962 507	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese Autocargador GALAGRI, modelo 2600 e abonadora 400kg. Tlf: 659 659 418	Véndese Viño da DO Rías Baixas da Coop- erativa Moraima, en Barro. Chamar aos números de teléfono 986 711 206 e 679 400 756	Véndese Autocargador GALAGRI, modelo 2600. Abonadora 400kg Chamar ao 659659481
Véndese Cisterna de 8.000L. Marca GALARI. Eixo direccional. Ballesta na lanza. Chamar ao 693 36 55 51	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese Autocargador GALAGRI, modelo 2600 e abonadora 400kg. Tlf: 659 659 418	Véndese Desbrozadora lateral hidráulica. Chamar ao tlf. 689 752 400	Véndese Desbrozadora lateral hidráulica. Chamar ao tlf. 689 752 400
Véndese CASE DT de 95 CV Chamar ao 639 629 403	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese -Carro mezclador con fresa de 8m. -Véndese rotoempacadora Kron- ic KR-130 con documentación Chamar ao 650 158 948	Véndese Dúas xatas rubias galegas preñadas. Xata de leite próxima ó parto. Zoa Cesuras. Chamar ao 981 79 03 31	Véndese Desbrozadora lateral hidráulica. Chamar ao tlf. 689 752 400
Véndese Invernadeiro de 44m.x10m. Com- pleto. Con rego. Reformado. En Paderne Chamar ao 676 97 05 04	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese -Carro mezclador con fresa de 8m. -Véndese rotoempacadora Kron- ic KR-130 con documentación Chamar ao 650 158 948	Véndese Autocargador de 27m.- cúbicos con 13 coitelas e porta hidráulica. Chamar ao 650158948	Véndese Dúas xatas rubias galegas preñadas. Xata de leite próxima ó parto. Zoa Cesuras. Chamar ao 981 79 03 31
Véndese Novillas LIMUSÍN, pró-ximas ao parto. Chamar ao teléfono 629 308 667	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese Autocargador de 27m.- cúbicos con 13 coitelas e porta hidráulica. Chamar ao 650158948	Véndese Un dereito de vaca rubia galega para criar becerros. Chamar ao 626 224 905	Mércase Fresa de 1'20 para BJR. Preguntar por María Xesús no teléfono 699 348 754 Sementadora de patacas para tractor. Telf: 981 66 92 50
Véndese Despensador moderno, de com- bustible. Depósito de 2.000 L. Un ano de uso. 500 euros. Chamar ao 650 911 778	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese Desbrozadora martillos traseira. Chamar ao 699/14-17-20	Véndese Por peche de explotación: -Carro mesturador vertical de 12 m ³ , coitelas hidráulicas, cinta ali- mentadora desprazable a ambas bandas e pé hidráulico. Pouco uso. -Tractor MASSEY FERGUSON 8.120 Dyn assift, de 150 CV, con 2.000 horas e primeiras rodas.	Mércase Encintadora de rolos para silo. Preguntar por José Luis nos tlf. 981 08 80 71 ou 620 66 01 15.
Véndese Rolos de herba ensilada. Preguntar por Josefa no número 646 462 785	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese -Rotativa de 2 puntos de 1'85. -Cisterna galvanizada de 3.000 litros. Chamar ao 676 739 142	Véndese -Carro mesturador vertical de 12 m ³ , coitelas hidráulicas, cinta ali- mentadora desprazable a ambas bandas e pé hidráulico. Pouco uso. -Tractor MASSEY FERGUSON 8.120 Dyn assift, de 150 CV, con 2.000 horas e primeiras rodas.	Mércase Sementadora de patacas para tractor. Chamar ao tlf. 981 66 92 50
Véndese Arado de 4 vertedeiras semiau- tomático. 450euros. Chamar ao 690 828 935	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese Herba seca en Cospeito Tlf: 982/50-57-98	Véndese -Sala de muxido ALFA LAVAL de 6 puntos, medidores volumétricos e programador de lavado. Chamar ao 608 879 938	Precísase Conductor de tractor para trabal- los forestais, salario a convir, zona de traballo na provincia de ourense. Chamar ao 676 979 348
Véndese Sulfatadora de 400L. de capaci- dade. Chamar ao 620 733 660	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese Herba seca en Cazás-Xermade Chamar ao 982/52-61-74	Véndese Dereitos de vacas nodrizas. Chamar ao 981 69 47 02	Intercambianse Libros de lectura. Chamar ao tlf. 986 58 40 70
Véndese -Dúas neveiras de carnicería -Mezcladora de carne -Báscula (dá tickets) Preguntar por Luís no tlf 645 217 837	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	Véndese -Cachorro de pastor catalán en Cualedro Preguntar por sindo ou senén no 617188732 ou 98842806	OUTROS

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical más achegada. Os anuncios públicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anuncianta quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Nova mocidade empreendedora

Nova sabedoría do rural



Hai muito máis que innovación, produción e calidade.
Hai mucho más que buenas oportunidades para a
mocidade que elige traballar no novo rural.
Hai outra filosofía de vida... unha nova sabedoría.
E tu se sempre volves ao rural...
Por que non ficas a traballar nel?



novas axudas
á incorporación da mocidade á
actividade agraria
e mellora das explotacións

<http://mediorural.xunta.es>

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Informate e establecete no rural.